



## 40 anos de *Encrucillada*: Á luz das candeas

---

Víctor F. Freixanes

O primeiro número da revista saíu do prelo o día da Candeloria, ou arredor desa data, o 2 de febreiro de 1977, no barrio de Canido, en Ferrol. Así o lembra o colofón dos dous volumes de homenaxe ou memoria que celebran este 40 aniversario. Non me parece cuestión menor a significación simbólica. Na Candeloria di a tradición que namoran os paxaros, mais tamén é o canto primeiro da resurrección da vida, logo dos fríos do inverno, o primeiro pulo da primavera, na roda cíclica do eterno retorno. Segundo o texto bíblico, aos corenta días do nacemento de Xesús, María leva o pequeno ao templo para o rito da purificación, que se visibiliza en dúas pombas, as aves que anuncian a posibilidade dun mundo novo despois do Diluvio, e mais na luz dunha cadea, a mesma cadea que, na cerimonia litúrxica, levan os crentes á igrexa ese día e coa que volven á casa despois, unha vez bendicida, seica para acompañar os vivos e pola memoria dos defuntos da familia.

Na tradición popular había máis: a luz das candeas bendicidas utilizábase para escorrentar os meigallos, as envexas, o mal aire, doenzas de persoas e de animais. En realidade era a memoria de ritos moito máis antigos, anteriores ao cristianismo, nos que a celebración do lume aparece relacionado coas cerimonias de fertilidade e coa despedida do inverno, preparando a terra para producir, igual que nalgúns partes de Galicia ata hai pouco a xente botábase aos camiños con lumes e fachos acesos para bendicir o pan, para que se lograse o froito nos sucos e viñeran boas colleitas de trigo e de centeo. ¡Alumear o pan! Así din aínda hoxe os vellos das parroquias da Amaía.

Na antiga Roma celebrábanse por esas mesmas datas as chamadas festas lupercais, as «lupercalia», en parte como lembranza á fundación da cidade: Rómulo e Remo amamantados pola Loba, mais tamén coma un rito de iniciación da mocidade e entrada da primavera. Os mozos corrían espidos polas rúas vareando na xente para escorrentar os meigallos, tal que os nosos peliqueiros, cigarróns e pantallas das terras de Ourense, en chegando o tempo do señor entroido. *Ante diem XV Kalendas Martias*. Ritos antigos, mesmo anteriores á cristianización, que van dar case todos no mesmo: anuncio da luz, que vence a escuridade e inaugura un novo tempo.

Non me parece casual, digo, que o primeiro número de *Encrucillada* se publicase arredor da Candeloria, en 1977. En termos simbólicos significa algo. Como significa tamén a elección do nome da cabeceira nunha época de transición, reflexión, debate e necesaria toma de posicións dentro da comunidade católica. Doce anos antes, en 1965, o papa Paulo VI clausurara o Concilio Vaticano Segundo, sen dúbida o gran acontecemento da igrexa no pasado século. Entre outras expectativas o Concilio abría a posibilidade dunha maior participación da comunidade crente, cada vez máis comprometida cos cambios que se estaban a producir no mundo, e nesa procura de achegamento á realidade ecuménica propoñía o recoñecemento das linguas desas comunidades para a oración, comprensión e celebración litúrxica (decembro de 1963). Por primeira vez se abría a posibilidade de que a lingua galega, lingua non oficial, lingua sen estado nin recoñecemento, fose aceptada como idioma da colectividade dos galegos para falaren con Deus. Por primeira vez en máis de mil anos, dende a existencia do idioma como tal: mil seiscientos anos, se lle facemos caso a Vicente Risco, que data no século IV as primeiras dioceses coñecidas.

Non foi un camiño doado. Aproximadamente polas mesmas datas en que empeza a editarse *Encrucillada*, eu tivera oportunidade de entrevistar en Ourense a monseñor Araújo Iglesias, bispo da diocese de Mondoñedo-Ferrol, que no verán de 1975 publicara unha pastoral de enorme transcendencia: *A fe cristiá ante a cuestión da lingua galega*. Era a primeira vez que unha autoridade ecle-

siástica (a xerarquía) se pronunciaba desta maneira. A *Hermandad de Alféreces Provisionales* de Lugo, daquela a encarnación máis belixerante da resistencia da ditadura franquista a calquera tipo de proposta nesta dirección, contestou publicamente dicindo: «*Si usted quiere hablar en gallego desde el púlpito, le aconsejamos nos presente una traducción para seguirlo*». Así estaban as cousas nas vésperas da saída do primeiro número de *Encrucillada*.

Mais existía un movemento de base certamente ilusionante. Naquela entrevista de Ourense, e nalgún outro encontro que tivemos despois, monseñor Araújo amosou o seu compromiso inequívoco, prudente pero firme, non só coa lingua galega, que fora a súa lingua da nenez (ata que no Seminario empezaron a impoñerlle o castelán), senón, sobre todo, co que a lingua representaba: os falantes, unha sociedade que esixía o seu dereito a existir, a ser recoñecida como tal, cos seus valores e coa súa identidade. Non era, xa que logo, unha cuestión exclusivamente cultural, moito menos culturalista; non se trataba dunha posición estética ou de recoñecemento de valores históricos do idioma das Cantigas ou de el-rei Afonso. Eran os falantes, a xente do común, homes e mulleres que habitaban o universo popular, que o bispo ben coñecía. «Quixera unha igrexa encarnada cos verdadeiros problemas dese home (o home galego), ao que ten que servir e alumear», declaraba monseñor Araújo. «Unha igrexa que ten que estar arreo á escoita de todos os latexos deste pobo para poder, dende a vida real e concreta, acadar a resposta evanxélica ceibadora» (*Unha ducia de galegos*, 1976).

Velaquí outra dimensión que *Encrucillada* recolle dende o primeiro momento, e que está no espírito daquel Concilio Vaticano Segundo, xermolo de tantas cousas.

Aos poucos meses de entrar en vigor o *Sacrosantum Concilium*, que foi o documento oficial no que se recoñecen as linguas litúrxicas alen do latín, celébrase en Buenos Aires a primeira misa en lingua galega, no camposanto da Chacarita, pola alma de Castelao. ¡Outra vez Buenos Aires, a colectividade galega emigrada ou exiliada, que non quería perder a memoria e loitaba pola propia dignidade! Oficiou aquela primeira misa Antonio Rodríguez Fraiz (1012-1992),

que entón exercía o ministerio sacerdotal entre os emigrantes e que mais tarde se reincorporaría á súa parroquia de Campañó, a un lado de Pontevedra, onde concluíu os seus días. Seica traduciu os textos litúrxicos ao galego o que fora deputado na Segunda República española, amigo de Castelao, Ramón Suárez Picallo (1894-1064).

Cando preparei a entrevista con monseñor Araúxo quen máis me axudou a reunir material, documentos e información sobre a nova igrexa que agromaba, cregos novos que saían do seminario con ideas novas, moitos deles na liña de compromiso que o bispo de Mondoñedo-Ferrol apuntaba, quen máis me axudou no proceso de documentación, digo, foi o padre xesuíta Xaime Seixas Subirá (1915-1994), outra personalidade fundamental para entender este tempo histórico da Igrexa en Galicia.

O padre Seixas foi quen oficiou a primeira misa en galego na Galicia de aquén, o 25 de xullo de 1965 na igrexa de San Domingos de Bonaval, en Santiago de Compostela, neste caso en memoria de Rosalía de Castro. Daquela, dous anos despois da constitución *Sacrosantum Concilium*, xa había recoñecidos 245 idiomas para realizar a liturxia: 144 africanos, 48 asiáticos, 32 de Europa, 12 de Oceanía e 9 americanos, entre eles o vasco, catalán, castelán e portugués na Península Ibérica. Mais non o galego. O recoñecemento oficial do idioma galego na liturxia non se produciu ata o 7 de xaneiro do ano 1969, non sen poucas retesías e presións dunha e doutra banda, en gran medida grazas ao pulo das organizacións cristiás de base (a figura de Xaime Isla Couto foi moi importante neste movemento) e as intercesións de monseñor Quiroga Palacios, cardeal e arcebispo de Compostela, e de monseñor Tarancón, entón bispo de Oviedo e presidente nacional da Liturxia no ano 1968.

Non era só a cuestión lingüística. Tratábase de promover unha nova ollada sobre a realidade. Isto era o que incomodaba ao Réxime, e o que desacougaba nos despachos da xerarquía eclesiástica, que se resistía a asumir na práctica o discurso do Concilio. Repito: neste contesto xorde *Encrucillada*.

O mundo estaba a vivir momentos moi transcendentais, certamente. Cúmprese arestora medio século dos movementos sociais,

universitarios sobre todo, do 68: nos Estados Unidos de Norteamérica, en Xapón, en México, na Checoslovaquia invadida polos tanques do Pacto de Varsovia, na meirande parte das universidades europeas... Tamén en España: en Barcelona, Madrid, Santiago de Compostela... O Che Guevara caera nas serras de Colombia en outubro de 1967. A guerra de Viet-Nam era unha intensa e escandalosa sangría. O 4 de abril de 1968 asasinan en Menphis a Martin Luther King. En xuño de 1969 os americanos poñen o primeiro home na Lúa. En setembro de 1973 a fórmula de acceso democrático ao socialismo, representada polo presidente chileno Salvador Allende, fracasa por un golpe de estado dos militares, apoiado polos Estados Unidos. Os movementos de liberación nacional eran unha realidade puxante, principalmente na América Latina. A consciencia civil e democrática latexaba nos pobos do Terceiro Mundo. Os movementos polos dereitos civís mobilizan a sectores cada vez máis amplos da poboación, sobre todo a poboación mais nova. En 1975 morre o xeneral Franco e comeza un dos momentos máis apaixonantes da historia da España contemporánea, de Galicia tamén. En abril do ano anterior caera a ditadura de Salazar en Portugal e case que polas mesmas datas a ditadura dos Coroneis en Grecia...

Dende a ecoloxía ás accións contestatarias nas universidades, dende a canción protesta ao movemento hippie, dende os conflitos nos sindicatos obreiros á crise internacional da enerxía e os debates sobre posibles novas formas políticas que superasen o capitalismo e o imperialismo (tamén o imperialismo soviético), dende as loitas do feminismo aos dereitos da cidadanía por riba de razas e prexuízos, dende as manifestacións máis activas da contracultura á reivindicación do amor sen ataduras, contra a alienación e pola igualdade de sexos, de patrias e de culturas... O mundo estaba a mudar a toda présa, ou polo menos así o parecía. Encrucillada de ideas e camiños. Todos á procura dunha nova luz, un novo horizonte, unha nova saída, que nalgures debería estar. Os movementos de base máis renovadores da igrexa en Galicia non eran unha excepción.

**Víctor F. Freixanes**